



Bases de participación no Concurso de Curtas do FIC Vía XIV

1. As curtametraxes que se presenten a concurso deben ter sido realizadas posteriormente a xaneiro do 2016.
2. Valorarase que as obras a concurso sexan estreas españolas. O historial de exhibicións farase constar nas observacións da ficha de inscrición.
3. Aceptaránse películas inferiores a 31 minutos de calquera xénero. A Organización decidirá en que categoría considera ubicar cada filme e comunicarllelo ós autores antes de pechar a programación.
4. Cada autor, produtora ou distribuidora poderá facer todas as inscricións que considere oportunas, mais a Organización non aceptará envíos masivos.
5. Non se aceptarán obras enviadas anteriormente ó FIC Vía XIV.
6. Os vídeos publicitarios e/ou comerciais quedarán excluídos.
7. Para a preselección, as obras deben subirse no seguinte formato:
 - MPEG4 AVC (codec H264).
 - Taxa máxima de transferencia de bits: 3000 kbps
 - Audio: AAC.
 - Subtítulos incrustados.
 - Resolución mínima: 480 p
 - O arquivo non debe superar os 2 Gb.
8. A data límite para enviar as películas será o 23 de outubro do 2017. A inscrición será gratuíta e farase a través da plataforma FESTHOME ou na web do Festival (<http://ficviaxiv.com/inscripcion>), completando todos os campos que se indican. Para calquera dúbida: inscripcion@ficviaxiv.com.
9. As películas en idiomas diferentes ó castelán ou ó galego, deberán incluír subtítulos en castelán, galego ou inglés.
10. Todas as curtametraxes deberán ter o seguinte formato de proxección:
 - AVI, MOV, MP4 ou MPEG (codec H264)
 - Bitratemax 15000kbps
 - Audio AAC
 - Resolución: 720 x 576 ou superior.
 - Subtítulos incrustados
11. No caso de ser seleccionada unha curtametraxe, o representante legal da mesma deberá enviar tres imaxes, tráiler da obra, e calquera outro material que considere oportuno para a súa utilización nas publicacións do Festival, en calquera dos medios utilizados. Deberá, ademais, autorizar a utilización do tráiler para a difusión do Festival e das propias obras.
12. O festival non pagará dereitos de exhibición das películas seleccionadas.
13. As obras seleccionadas serán exhibidas dentro da programación da II Edición do Festival Internacional de Curtas Vía XIV de Verín.
14. O FIC Vía XIV de Verín aceptará obras en catro categorías temáticas:
 - **ENTROIDO – OUTRA MIRADA.** Categoría dedicada ó Entroido, entendendo o termo no seu máis amplo sentido e cun significado metafórico de cambio de roles, que recollerá obras que destrúen as regras cartesianas, que crean espazos alternativos, obras que experimentan coa linguaxe cinematográfica, que manexan códigos surrealistas e oníricos. Novos xeitos de contar, cinema da emoción e da experiencia. É a sección máis libre do festival onde, como sucede co Entroido, todo pode suceder.

- **MIGRACIÓN/FRONTEIRA – HORIZONTES.** Categoría na que se incidirá na idea do horizonte como liña imaxinaria e invisible, lonxana e inalcanzable, de gran violencia emocional e simbólica como metáfora da Migración. Por outra banda, o horizonte como liña que separa o aquí do aló, como unha sorte de Fronteira entre onde estamos e calquer outro lugar.
- **GALEGO/PORTUGUESA – A RAIA.** Algúns dos mellores filmes do mundo son feitos dende as beiras dun río pequeno e silencioso... Dada a singularidade do noso territorio, do Val do Támega dividido pola Raia, e da nosa historia de Emigración e Fronteira con todos os seus significados en ámbalas dúas beiras, esta categoría acollerá curtas de cineastas de Galiza e Portugal.
- **NOVA.** Serán seleccionadas curtas que non teñen cabida nas temáticas categorizadas, trátase dunha categoría xeral que recollerá filmes contemporáneos, cinema de autor e obras que non se rixen por formatos industriais obsoletos. Como unha estrela anana de brillo repentino por unha explosión termonuclear no seu seo.

15. Establécense os seguintes premios:

- Gran Premio do Xurado á Mellor Curtametraxe do Festival "VIA XIV": 1.500€ e Trofeo.
- Premio do Xurado á Mellor Curtametraxe da Categoría Oficial ENTROIDO - OTRA MIRADA: 750€ e Trofeo.
- Premio do Xurado á Mellor Curtametraxe da Categoría Oficial MIGRACIÓN/FRONTEIRA-HORIZONTES: 750€ e Trofeo.
- Premio do Xurado á Mellor Curtametraxe da Categoría Oficial GALEGO/PORTUGUESA – A RAIA: 750€ e Trofeo.
- Premio do Xurado á Mellor Curtametraxe da Categoría Oficial NOVA: 750€ e Trofeo.
- Premio do público á Mellor Curtametraxe: 600€ e Trofeo.
- Premio AGAG ó Mellor Guión Producción Galega: 600€ e Trofeo.
- Mención do Xurado á Mellor Curtametraxe: Diploma.
- Premio NUMAX á Distribución: unha semana en carteleira no cinema NUMAX de Santiago de Compostela.

16. No caso de empate entre dúas curtas (premio ex aequo), o premio será dividido entre os gañadores.

17. Os premios están suxeitos ás retencións fiscais de cada país que por lei estean vixentes no momento no que se celebre o Festival, a mes de decembro de 2017.

18. O representante legal da curtametraxe comprométese a presentar obras cuxos contidos sexan orixinal e dos que dispoña dos dereitos. A Organización non se fai responsable de problemas posteriores neste senso.

19. A organización resérvase o dereito a utilizar ata o 20% do minutado de cada peza seleccionada para uso promocional do festival e das propias obras.

20. As obras gañadoras poderán ser exhibidas integramente, despois da celebración do evento, nun circuío de actos promocionais da II Edición do Festival de Curtas Vía XIV de Verín, así como en ciclos externos, previa comunicación á persoa responsable legal da obra.

21. O Xurado estará formado por profesionais dos ámbitos do cinema, da cultura e da arte. O xurado poderá establecer tantas mencións especiais, accésits e premios ex aequo como considere, así como declarar desertos os premios. A súa decisión será inapelable.

22. Para o premio do público, as votacións efectuaranse mediante papeleta que se dará ós asistentes antes de cada sesión. Será gañadora a obra coa mellor media.

23. A Organización resérvase o dereito a editar estas bases.

24. A participación nesta convocatoria implica a aceptación destas bases.

25. A Organización terá a última decisión, sobre calquera dúbida, malentendido ou erro sobre estas bases de participación. A súa decisión será inapelable.